
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

. C.P.I. de Cervantes



📖 Curso 2022-2023

ÍNDICE

INDICE		Páxina
1	Aspectos xerais da programación	2
2	Conceptos clave da programación	4
3	Contexto	5
	Contexto do centro: características do centro e do alumnado	
	Obxectivos da ESO (adaptados ao contexto do centro e do alumnado)	
4	Secuenciación e temporalización	7
	Secuenciación e temporalización dos contidos por unidades e /ou proxectos	
5	Relacionar para cada unidade	9
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares de aprendizaxe	
	Grao mínimo de consecución	
	Peso na cualificación	
	Instrumentos de avaliación	
	Temas transversais	
6	Metodoloxía	12
	Estratexias metodolóxicas	
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
7	Avaliación	13
	Avaliación inicial	13
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Avaliación continua	13
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	Avaliación final	14
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares sa van a avaliar? Avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final? Ponderación, redondeos, etc.	
	Avaliación extraordinaria	14
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	Materias pendentes de cursos anteriores	14
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
8	Atención á diversidade	15
	Medidas ordinarias: organizativas e curriculares	
	Medidas extraordinarias: organizativas e curriculares	
9	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	16
	Indicadores de logro do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
10	Avaliación da programación didáctica	17
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
11	Actividades complementarias e extraescolares	18
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	
12	Medidas específicas en relación á situación sanitaria	18
	Referencia ás medidas tomadas na aula	
13	Concrecións didácticas e metodolóxicas para garantir a continuidade da aprendizaxe no caso de ensino a distancia	19
	Metodoloxía	
	Alumnado con conectividade e sen conectividade	
	Materiais e recursos	
	Avaliación e cualificación	
14	Datos do departamento	21

1.- Aspectos xerais da programación

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de "Ética e estética da interacción en rede", de "Seguridade informática" e de "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicacións cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de "Organización, deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

2.- Conceptos clave da programación

Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)

Desenvolvemento curricular	2º nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer. Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro

Criterios de cualificación

Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015))
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia

OUTROS ASPECTOS

Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores" (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade" (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: TIC B1.1 .2 TIC: Abreviatura da área: Tecnoloxías da Información e da Comunicación B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

3.- Contexto

2.1.- Contexto do centro

A/ Características do centro:

Situación

Rúa dos Colexios, s/n
27.664 San Román de Cervantes
Cervantes (Lugo)

Ensinanzas que oferta o centro

Educación Infantil
Educación Primaria
Educación Secundaria Obrigatoria

Características singulares

Trátase dun centro de liña un, cunha diminución notable do alumando respecto á matrícula de anos anteriores, están matriculados uns 30 alumnos/as dos cales na ESO hai 9.

O centro está situado nunha zona rural de alta montaña. Os invernos son longos e duros o que fai que se perda unha media de 3-4 días de clase normal (cunha asistencia mínima de alumnos/as) por mor do xeo e a neve.

B/ Características do alumnado:

Lingua materna dominante

Galego (100% do alumnado).

Alumnado con NEAE no curso actual

Non hai alumnos/as con trastornos xerais do desenvolvemento ou con deficiencia motórica.

O nivel académico é medio na ESO.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

No noso centro hai un bo clima de convivencia, segundo a valoración que do mesmo fan os distintos sectores da nosa comunidade educativa. Tampouco as intervencións directas na corrección de condutas leves contrarias ás normas de convivencia acadan unha cifra significativa. Non se rexistran problemas habituais de absentismo.

É de destacar como o contacto directo das familias co centro vai descendendo co transcórrese dos cursos, se ben as familias acoden cando son citados polos titores/as, resto do profesorado ou equipo directivo. Non existen grandes problemas xerais.

Outras características

- A contorna familiar e ambiental do alumnado é bastante homoxénea.
- O contexto socioeconómico é medio-baixo.

2.2.- Obxectivos da ESO (adaptados ao contexto do centro e do alumnado):

1	a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Caracteristicamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4º ESO (TIC)

4.1. - Secuenciación e temporalización dos contidos

Aval.	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
1ª		B2	BLOQUE 2: Computadores, sistemas operativos e redes		
	1	B2.1	Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	Setembro / Outubro	12
		B2.2	Instalación e eliminación de software de propósito xeral.		
		B2.3	Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.		
		B2.4	Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.		
		B2.5	Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.		
		B1	BLOQUE 1: Ética e estética na interacción en rede		
	2	B1.1	Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contraseñas. Condutas e hábitos seguros.	Outubro / Novembro	16
		B1.2	Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.		
		B1.3	Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.		
		B1.4	Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.		
		B1.5	Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude.		
		B4	BLOQUE 4: Seguridade informática		
	3	B4.1	Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.	Novembro / Decembro	12
		B4.2	Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.		
B4.3		Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas.			
2ª		B3	BLOQUE 3: Organización, deseño e produción de información dixital		
	4	B3.1	Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.	Xaneiro / Febreiro	20
		B3.2	Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.		
		B3.3	Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.		
		B3.4	Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.		

		B3.5	Tipos de presentación e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.		
		B3.6	Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.		
		B3.7	Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.		
	B5	BLOQUE 5: Publicación e difusión de contidos			
	5	B5.1	Compartición de recursos en redes locais e en internet.	Marzo	13
		B5.2	Deseño de páxinas web sinxelas.		
		B5.3	Creación e publicación na web. Estándares de publicación.		
		B5.4	Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.		
3ª	6	B6	BLOQUE 6: Internet, redes sociais e hiperconexión	Abril / Maio / Xuño	29
		B6.1	Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.		
		B6.2	Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.		
		B6.3	Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.		
		B6.4	Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.		
		B6.5	Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.		
		B6.6	Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.		

5. Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

Tema/ UD	1ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)			Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais								
	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	*Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais							
								Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grup.	Cad. Cla.	Rúb. (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B 2.1	B2.1	TICB2.1.1	CD, CMCCT, CAA	Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	80%	10%			X							X		X	X	
			TICB2.1.2	CD, CMCCT	Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	40%	5%			X								X		X	X
	B 2.2	B2.2	TICB2.2.1	CD, CMCCT, CAA	Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	80%	5%										X		X	X	
	B 2.3	B2.3	TICB2.3.1	CD, CMCCT	Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	80%	5%										X		X	X	
	B 2.4	B2.4	TICB2.4.1	CD, CMCCT	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	100%	10%			X							X		X	X	
	B 2.5	B2.5	TICB2.5.1	CD, CMCCT, CCL	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	100%	5%			X							X		X	X	
2	B1.1 B1.2	B1.1	TICB1.1.1	CD, CSC	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	100%	5%						X	X			X		X	X	
			TICB1.1.2	CD, CMCCT	Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	100%	10%						X	X				X		X	X
	B1.3	B1.2	TICB1.2.1	CD, CAA, CSC, CCEC	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	100%	5%						X	X			X		X	X	
	B1.4 B1.5	B1.3	TICB1.3.1	CD, CAA, CSC	Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	90%	5%						X	X				X		X	X
			TICB1.3.2	CD, CSC, CCEC	Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	100%	10%			X								X		X	X
3	B 4.1 B 4.2 B 4.3	B4.1	TICB4.1.1	CD, CMCCT	Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	80%	5%			X				X	X			X		X	X
			TICB4.1.2	CD, CMCCT	Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	100%	10%							X	X			X		X	X
			TICB4.1.3	CD, CMCCT, CCL	Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	90%	10%								X			X		X	X

LEENDA COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
 CD Competencia dixital
 CAA Competencia aprender a aprender
 CSC Competencias sociais e cívicas
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 CCEC Conciencia e expresións culturais

LEENDA TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
 EOE Expresión oral e escrita
 CA Comunicación audiovisual
 TIC Tecnoloxías da información e comunicación
 EMP Emprendemento
 EC Educación cívica
 PV Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódense determinar **indicadores de logro** máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo (o instrumento máis idóneo é a rúbrica).

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación especificarase en cada proba que se presente ao alumnado.

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais							
Tema/ I/D	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	*Peso Cualific.	Instrumentos						Temas transversais						
								Prob esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
4	B3.1	B3.1	TICB3.1.1	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	100%	25%			X							X		X	X
	B3.2	B3.1	TICB3.1.2	CD, CMCCT, CCL, CSIEE	Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	60%	10%			X							X		X	X
	B3.3 B3.4	B3.1	TICB3.1.3	CD, CMCCT, CAA, CSIEE	Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	20%	5%			X							X		X	X
	B3.5 B3.7	B3.2	TICB3.2.1	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CSC	Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	100%	5%			X							X		X	X
			TICB3.2.2	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	100%	10%			X	X		X				X	X	X	X
	B3.6	B3.6	TICB3.2.2	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CSC	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	100%	5%			X							X		X	X
5	B 5.1	B5.1	TICB5.1.1	CD, CMCCT, CAA, CSC	Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	80%	10%			X		X	X				X		X	X
	B5.2 B5.3	B5.2	TICB5.2.1	CD, CMCCT, CCL, CAA	Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	80%	5%			X							X	X	X	X
		B5.3	TICB5.2.2	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC	Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	90%	15%			X	X		X				X	X	X	X
	B 5.4	B5.3	TICB5.3.1	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC	Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	80%	10%			X							X		X	X

LEND A COMPETENCIAS

CCL Comunicación lingüística
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
 CD Competencia dixital
 CAA Competencia aprender a aprender
 CSC Competencias sociais e cívicas
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 CCEC Conciencia e expresións culturais

LEND A TRANSVERSAIS

CL Comprensión lectora
 EOE Expresión oral e escrita
 CA Comunicación audiovisual
 TIC Tecnoloxías da información e comunicación
 EMP Emprendemento
 EC Educación cívica
 PV Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódense determinar **indicadores de logro** máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo (o instrumento máis idóneo é a rúbrica).

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación especificarase en cada proba que se presente ao alumnado.

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais										
Tema/ UID	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	*Peso Cualific.	Instrumentos							Temas transversais								
								Prob esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV		
6	B 6.1 B 6.2 B 6.3 B 6.4	B6.1	TICB6.1.1	CD, CMCCT, CSIEE	Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multi-plataforma.	60%	15%			X					X				X		X	X	
			TICB6.1.2	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSC	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	80%	20%									X				X		X	X
			TICB6.1.3	CD, CMCCT	Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	90%	20%									X				X		X	X
	B 6.5	B6.2	TICB6.2.1	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CSC	Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	100%	30%							X				X		X	X		
	B 6.6	B6.3	TICB6.3.1	CD, CMCCT, CCL, CSC	Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	60%	15%							X				X		X	X		

LENGUA COMPETENCIAS

- CCL Comunicación lingüística
- CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD Competencia dixital
- CAA Competencia aprender a aprender
- CSC Competencias sociais e cívicas
- CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC Conciencia e expresións culturais

LENGUA TRANSVERSAIS

- CL Comprensión lectora
- EOE Expresión oral e escrita
- CA Comunicación audiovisual
- TIC Tecnoloxías da información e comunicación
- EMP Emprendemento
- EC Educación cívica
- PV Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódense determinar **indicadores de logro** máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo (o instrumento máis idóneo é a rúbrica).

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

* O peso na cualificación especificarase en cada proba que se presente ao alumnado.

6.- Metodoloxía

6.1.- Estratexias metodolóxicas

Posibles aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas:
 - Combinar traballo individual e cooperativo
 - Aprendizaxe por proxectos
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- **Uso habitual das TIC (Aula virtual, videoconferencias)**
- Papel facilitador do profesor/a

Posibles estratexias metodolóxicas

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa...
- Elaboración de sínteses
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Resolución de problemas
- Simulacións

Posible secuenciación habitual do traballo:

Motivación:

- Presentación actividade con mapas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Resposta a preguntas
- Resolución de problemas
- Elaboración de gráficas, sínteses, mapas conceptuais.

Avaliación:

- Análise de producións: actividades de clase
- Exposicións orais
- Probas escritas/**cuestionarios web**
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula / **tarefas aula virtual**

6.2.- Outras decisións metodolóxicas

Agrupamentos

Non temos problemas no número de alumnos por ordenador ou grupo de traballo

Tempos

Tres (3) sesións á semana.

Espazos

Aula de Referencia e Aula de Informática

Materiais

Material dixital

Recursos didácticos

Apuntamentos facilitados polo profesor / Recursos web

7.- Avaliación

7.1.- Avaliación inicial

En que data se realizará?

Realizarase durante as dúas primeiras semanas do curso escolar.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Probas no ordenador para ver o nivel de coñecementos do manexo dun computador

Como se informará á familia?

Mediante a colaboración co titor/a

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Composición de grupos e temporalización das unidades

7.2.- Avaliación continua

Con que temporalización se farán probas escritas ou prácticas (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Esta materia será eminentemente práctica, as probas realizaranse por medio dixitais, con realización de prácticas e traballos feitos co ordenador.

De forma xeral faremos dúas por trimestre, independentemente de se é proba escrita, cuestionario web ou práctica. Tendo en conta que dependeremos do escenario sanitario no que nos atopemos

Como se cualifican as probas, cuestionarios web, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo, ...

Cualificación numérica (entre 0 – 10) tanto nas probas escritas, cuestionarios web, prácticas (da aula de informática)

Redondeo por truncamento, é dicir, eliminaremos os decimais e quedámonos só coa parte enteira.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

50% probas escritas e/ou cuestionarios web e 50% tarefas e/ou prácticas

Non se fará media con notas inferiores a 3 puntos, salvo que o motivo xustifico sexa de causa maior (situación sanitaria, enfermidade, etc)

NOTA: A nota obtida poderá ser modificada polo profesor se así o considera oportuno, tendo en conta criterios que se produzan nese momento en concreto e que sexa moi difíciles de predecir de antemán

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Actitude positiva cara o traballo, orde, limpeza, coidado do material, realización de todas as prácticas indicadas con puntualidade.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na casa? No caso de estar confinados (tanto alumno como profesor)

Actitude positiva para conectarse ás reunións, participación nas videoconferencias, realización das tarefas pola aula virtual, orde nos envíos

Como se recupera unha proba non superada?

Ao longo do trimestre, poderanse recuperar todas as probas/cuestionarios/tarefas non superadas

Como se recupera unha avaliación non superada?

No seguinte trimestre farase un exame de recuperación (presencial ou non). De suspenderse esa proba, farase un exame de recuperación das avaliacións non superadas ao final de curso (presencial ou non)

7.3.- Avaliación final**Quen debe ir á avaliación final?**

Aquel alumno que non supere as avaliacións, terá dereito a unha proba final (presencial ou non)

En que consistirá a proba?

Será unha proba no ordenador con contidos prácticos de todo o curso

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

Avaliaranse os estándares que o alumno ten suspensos

Como se elabora a cualificación final? Ponderación, redondeos, etc.

A nota final será a media das notas das avaliacións ou a nota da proba final

Non se fará media con notas inferiores a 3 puntos, salvo que o motivo xustificado sexa de causa maior (situación sanitaria, enfermidade, etc)

NOTA: A nota obtida poderá ser modificada polo profesor se así o considera oportuno, tendo en conta criterios que se produzan nese momento en concreto e que sexa moi difíciles de predecir de antemán

Que criterios segue o centro para a promoción?

Os ordinarios

7.4.- Avaliación extraordinaria**Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.**

Proba no ordenador con contidos prácticos de todo o curso

7.5.- Materias pendentes de cursos anteriores**Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?**

Darase un boletín de exercicios para facer na casa. En calquera momento do trimestre, o alumnado poderá contactar co profesor correspondente para resolver dúbidas

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

Cada trimestre farase unha proba escrita/ cuestionario web relacionado cos contidos dos boletíns.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

O boletín contará un 50% da nota e a proba escrita/cuestionario web o outro 50%

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración das mesmas, etc.?

O alumnado que non supere a materia polas avaliacións parciais, poderá presentarse a unha proba final única, que contará neste caso o 100% da nota

Como se cualifica, redondeos, etc?

Cualificación numérica (entre 0 – 10).

Redondeo por truncamento, é dicir, eliminaremos os decimais e quedámonos só coa parte enteira.

NOTA: A nota final poderá ser modificada polo profesor se así o considera oportuno, tendo en conta criterios que se produzan nese momento en concreto e que sexa moi difíciles de predecir de antemán

8.- Atención á diversidade

8.1.- Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a. Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b. Espazos diferenciados?</p> <p>c. Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>

8.2.- Medidas extraordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

9.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Indicadores de logro	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
	1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado			
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

10.- Avaliación da programación didáctica

Con que periodicidade se revisará

Trimestralmente revisarase a programación, anotando aqueles cambios que sexa necesario realizar no libro de actas do departamento, que se reflexarán na memoria final.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Deberase revisar a temporalización de cara ó curso seguinte.

Indicadores de logro	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciaión e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

11.- Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares terán dúas facetas, unha máis didáctica e relacionada co currículo da materia que sería impartida pola mañá preferibelmente e unha parte máis lúdica que tratará de suplir os problemas de comunicación dos rapaces cervantegos.

Intentarase sempre coordinar as posibles actividades en colaboración con outros departamentos.

Este ano intentaremos participar na instalación e configuración dun aparello de realidade aumentada que consiste nunha **caixa de area** que permite crear modelos topográficos dándolle forma á area, que despois aumentase en tempo real mediante un mapa de cor de elevación, cotas topográficas, auga simulada. O sistema ensina conceptos xeográficos, xeolóxicos e hidrográficos, a forma de ler un mapa topográfico, o significado das curvas de nivel, etc. Será un proxecto a elaborar entre as materias de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía e TIC.

Todas as actividades complementarias dependerán da situación sanitaria dese momento e das medidas establecidas no **protocolo do centro**, pois poderase dar o caso de non poder realizar actividades que conleven xuntar alumnado de distintos grupos ou con grupos de outros centros.

12 Medidas específicas en relación á situación sanitaria.

De ser necesario tomaranse as seguintes medidas na aula de Informática:

- Separación de mesas e cadeiras para que o alumnado se manteña a 1.5 metros sempre que sexa posible e sinalización no chan da posición de cada mesa. En aulas específicas de informática cada alumno terá o seu propio posto de traballo separados de forma que se manteña sempre a distancia de seguridade
- Cada mesa e cada cadeira será ocupada sempre polo mesmo alumno
- Limpeza diaria e desinfección de mesas, cadeiras, mobiliario e equipamento (polo alumnado)
- Ventilación frecuente en cada sesión lectiva permanecendo portas e ventás abertas cando sexa posible.
- Uso de máscaras.
- O alumnado terá o seu material marcado e personalizado e non poderá compartilo.
- Realizar sesións lectivas no exterior cando sexa posible.

13 Concrecións didácticas e metodolóxicas para garantir a continuidade da aprendizaxe no caso de ensino a distancia.

No caso de ter que impartir docencia a distancia empregando ferramentas telemáticas actuarase para garantir a continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe de todo o alumnado.

13.1.- Metodoloxía

O traballo a distancia centrarase nas competencias e estándares imprescindibles facendo tarefas de repaso e reforzo, especialmente de cara ao alumnado con maiores dificultades académicas ou de conectividade; ou de ampliación no caso de ser necesario e sempre que non repercuta negativamente nin discrimine ao alumnado. Procurase tamén o equilibrio entre a cantidade de tarefas a realizar e o benestar emocional do alumnado para evitar a sobrecarga e a ansiedade que nesta situación podería producirse.

Polas características desta materia a utilización das TIC é esencial. Facilitarase ao alumnado apoio e axuda para a utilización das ferramentas TIC axeitadas para desenvolver as tarefas mesmo se este dispón de conectividade limitada. Por outra banda ofrécense sempre diversas alternativas para o traballo, sexan en rede ou en modo local empregando adaptado ao equipamento do que dispoña o alumno.

13.2.- Alumnado con conectividade e sen conectividade

Tratarase de detectar o alumnado con problemas de conectividade e comunicarse ao centro para tratar de proporcionar, no posible, os medios tecnolóxicos necesarios.

A comunicación de tarefas e exercicios faise polas seguintes canles:

- Aula virtual do centro.
- Correo electrónico.
- Páxina web propia.
- En casos concretos pode empregarse o Espazo ABALAR para comunicar directamente coas familias.

No caso de **alumnado con baixa conectividade**, ben sexa por limitado ancho de banda ou por estar limitada ao móbil, emprégase o correo electrónico como forma preferente de comunicar tarefas e resolver dúbidas. O alumnado mandará os arquivos dos traballos realizados para a súa corrección.

No caso de **alumnado con conectividade nula** trataremos de ver a posibilidade de buscar algún compañeiro da clase próximo ao seu domicilio que teña conectividade para que poida facer de intermediario sempre que iso fose posible dependendo das restricións de mobilidade vixentes.

Proporcionaranse tarefas, nestes casos, nas que a utilización de ferramentas TIC sexan as mínimas ou mesmo nulas se fose posible dependendo de cada caso.

En calquera caso, enviarase ou deixarase copia das tarefas no centro de ensino para que poidan ser recollidas, ben polos responsables do alumno sen conectividade, polos servizos sociais ou, en xeral, para considerar as diferentes opcións e posibilidades de facerllas chegar.

13.3.- Materiais e recursos

- Aula virtual do centro.
- Páxina web propia.
- Drive - Agueiro
- Sistemas de foro, conversa, chat de texto, voz ou videoconferencia (Webex).
- Materiais de elaboración propia.
- Outros materiais e recursos de internet susceptibles de ser empregados mesmo con baixa conectividade.

13.4.- Avaliación e cualificación

Procedementos:

- Realización de traballos e exercicios.
- Realización de proxectos.
- Probas orais e escritas.

Instrumentos:

- Análise de traballos e exercicios.
- Seguimento e análise da realización de proxectos.
- Análise de probas orais e escritas.

Criterios de avaliación:

- Autonomía e iniciativa.
- Resolución creativa e nivel de execución técnica.
- Presentación e acabado.
- Nivel de adecuación das respostas
- Acertada resolución de tarefas e casos prácticos

Criterios de cualificación:

- Autonomía e iniciativa – 10%
- Resolución creativa e nivel de execución técnica. - 20%
- Presentación e acabado – 10%
- Nivel de adecuación das respostas ou acertada resolución de tarefas e casos prácticos – 60%

O procedemento xeral para a cualificar as actividades e tarefas a distancia será o seguinte:

- Obterase en cada caso unha cualificación das tarefas realizadas tendo en conta a circunstancias do alumno e ponderando as diferentes posibilidades de traballo telemático.
- A cualificación da avaliación correspondente dependerá da proporción de traballo presencial ou a distancia realizado dando sempre máis peso ao primeiro. Para obter unha avaliación positiva será necesario inicialmente ter un mínimo de 5 no ensino presencial (EP) realizado. As tarefas realizadas no ensino a distancia (ED) serán tidas en conta para mellorar a nota final sempre que a media coa nota do traballo presencial sexa igual a 5 ou maior.

Nota da avaliación:

Caso 1 (Avaliación positiva)

$$EP \geq 5 \quad \text{e} \quad EP+ED/2 \geq 5$$

Caso 2 (Avaliación positiva)

$$EP < 5 \quad \text{e} \quad EP+ED/2 \geq 5$$

Caso 3 (Avaliación negativa)

$$EP < 5 \quad \text{e} \quad EP+ED/2 < 5$$

14.- Datos do departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesora
TIC	4º ESO	A	Óscar Sánchez Díaz

Esta programación foi feita polo Xefe do Departamento de Tecnoloxía: Óscar Sánchez Díaz

A programación será supervisada ao longo do curso e anotaranse as posibles modificacións que fose necesario introducir para os cursos académicos posteriores.

San Román de Cervantes, 14 de setembro de 2022

Asdo.: Óscar Sánchez Díaz.

Xefe do departamento